

feminine

unha coprodución da Compañía Paulo Ribeiro
e o Centro Coreográfico Galego



XUNTA DE GALICIA

Centro Coreográfico Galego
AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais)
Consellería de Cultura e Deporte
Xunta de Galicia

Polideportivo de Elviña
Avda. Glasgow, nº11
15008 - A Coruña
Tfn. 981 134 946
Fax. 981 138 294
www.centrocoreografico.org



feminine

unha coprodución da Compañía Paulo Ribeiro
e o Centro Coreográfico Galego

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO [06]

PROGRAMA DE COPRODUCCIÓN [07]

FEMININE [11]

FICHA ARTÍSTICA [12]

FEMININE EN XIRA [13]

EQUIPO ARTÍSTICO [14]

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

O Centro Coreográfico Galego (CCG) nace en 2006 no seo da Consellería de Cultura e Deporte, na actualidade adscrito á AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais).

Somos un centro de creación, produción, formación e investigación para o desenvolvemento da danza en Galicia.

Nestes dous anos de traballo puxemos en marcha distintas liñas de actuación dirixidas tanto aos profesionais da danza como ao público, co obxectivo de impulsar a danza na nosa comunidade e achegala á cidadanía.

No referente á creación levamos a cabo tres programas orientados a impulsar e apoiar a creatividade dos artistas: un proxecto de produción propia, un programa de coproducións e un programa de artistas en residencia.

Ademais da liña de apoio á creación, no CCG desenvolvemos unha sólida proposta formativa dirixida tanto aos profesionais das artes do movemento como ao público. A oferta cubre distintos ámbitos, e consta de cursos de produción, de danza contemporánea, de achegamento ás distintas linguaxes artísticas, etc.

Co obxectivo de recoller a memoria da danza e amosar os procesos creativos, temos en marcha un importante proxecto editorial a través das coleccións Bitácora e Corpo de Letra.

A través dos distintos programas nos que traballamos, enfocados tanto á creación como á formación e á edición, apoiamos a danza en todos os ámbitos nos que actúa, facilitando a relación e o intercambio entre eles.

PROGRAMA DE COPRODUCCIÓNS

O programa de coproducións do CCG apoia proxectos profesionais de danza de iniciativa privada e independente. No caso de 'Feminine' apoiase unha compañía consolidada de renome internacional, a compañía portuguesa Paulo Ribeiro.

Con esta produción, o CCG quere tender pontes e incrementar o diálogo entre a cultura lusa e a galega, fomentando o intercambio entre as estruturas culturais das dúas comunidades. A compañía Paulo Ribeiro recibiu unha dotación económica de 30.000 euros e colabora co CCG apoiando a presentación das súas producións e coproducións en Portugal.

No tocante ao apoio e formación de profesionais, a compañía realizará un *workshop* dirixido a estudantes e profesionais da danza e outras artes do movemento impartido por Peter Michael Dietz, asistente de coreografía de Paulo Ribeiro. Neste mesmo senso esta coprodución posibilitou que as galegas Olalla Pérez Lemus e Andrea Álvarez Pino participaran na produción e creación de 'Feminine' como axudantes de dirección e produción respectivamente. As dúas traballaron durante catro meses en Viseu coa compañía de Paulo Ribeiro. Isto permitiulles entrar en contacto cos distintos aspectos que interveñen na creación e produción dun espectáculo de danza, así como no funcionamento dun espazo teatral coma o Teatro Viriato, acadando coñecementos das políticas culturais que se levan a cabo no país luso.

No CCG, tratamos, a través do programa de coproducións, non só limitarnos a apoiar novas creacións, senón dar un paso máis na suma de iniciativas e esforzos que traballen no desenvolvemento do mundo da danza. Cremos na colaboración entre estruturas e organismos, no intercambio e a cooperación entre eles e na promoción e o coñecemento doutros xeitos de facer e entender a cultura.



feminine

Cía. Paulo Ribeiro

*Porque sou tão infeliz?
Porque sou o que não devo ser.
Porque metade de mim não está irmanada com a outra metade.
A conquista de uma é a derrota da outra.*

Fernando Pessoa



FEMININE

Cinco mulleres e Fernando Pessoa. Un Pessoa no feminino e de tacóns altos. As palabras do poeta desafían ás delas, que se deixan perder polas súas propias narrativas. A poética do movemento feminino percorre a peza, mesturada co ardor colocado en cada xesto. Neste universo pessoano elas preocupáanse polo pelo, usan tacóns altos, desdeñan ao home e bailan con corpos que transpiran sensualidade. O movemento é contido, escurrido e desemboca nun pracer prolongado. E este espazo de sensacións é apenas interrompido pola forza maior do coreógrafo, de brincar coas súas creacións, de convidalas a rirse delas mesmas.

Feminine explora o imaxinario pessoano, desta vez, a partires da ollada de cinco mulleres: catro intérpretes de danza e unha actriz. Despois de *Masculine*, que se estreou o ano pasado, Paulo Ribeiro descobre un Pessoa no feminino, explorando unha vez máis as diferentes posibilidades das intérpretes. O balón de fútbol de *Masculine* deu lugar, neste novo espectáculo, aos tacóns altos e, a enerxía masculina, a unha beleza estética que emociona, marca e non pasa.

FICHA ARTÍSTICA

Dirección e coreografía	Paulo Ribeiro
Textos	Fragments do ' <i>Livro do Desassosego</i> ', ' <i>Ode Marítima</i> ' e outras obras de Fernando Pessoa, con tradución e consultoría de Richard Zenith
Interpretación	Elisabeth Lambeck Erika Guastamacchia Leonor Keil Margarida Gonçalves Sao Castro
Música orixinal	Nuno Rebelo agás 'Stir it up' de Bob Marley, remix de Nuno Rebelo e 'Torture never stops' de Frank Zappa
Todos os instrumentos	Nuno Rebelo
Voz feminina	Cathrin Loerke
Voz masculina	Richard Zenith
Iluminación	Nuno Meira
Figurinos	Ana Luena

FEMININE en xira

2008

5 e 6 de setembro – Teatro Nacional São João, Porto.
14 de setembro – Festival "Le Temps d'Aimer", Biarritz.
10 e 11 de outubro – Teatro Viriato, Viseu.
25 de outubro – Teatro Municipal, Almada.
8 de novembro – Teatro Municipal, A Guarda.
20 de novembro – Teatro Jofre, Ferrol.
22 e 23 de novembro – Grande Auditório do Edifício Sede da CGD / Culturgest, Lisboa.
29 de novembro – Teatro Virgínia, Torres Novas.
6 de decembro – Teatro Ribeiro da Conceição, Lamego.
13 de decembro – Centro Cultural Vila Flor, Guimarães.
20 e 21 de decembro – Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela.

2009

30 de xaneiro – Teatro Aveirense, Aveiro.
6 de febreiro – Teatro Municipal, Bragança.
14 de febreiro – Teatro Municipal, Faro.
28 de febreiro – Festival New Territories - Tramway, Glasgow.
3 de abril – Teatro Rosalía Castro, A Coruña.

PAULO RIBEIRO, director e coreógrafo

Despois dunha prolífica carreira como intérprete, Paulo Ribeiro cofunda a compañía Stridanse, que o levou a participar en diversos concursos, obtendo, en 1984, o premio de Humor e, en 1985 o 2º premio de Danza Contemporánea, os dous no Concurso Volinine.

De regreso a Portugal, en 1988, comeza a colaborar coa compañía de danza de Lisboa e co Ballet Gulbenkian, co que recibiu o Premio Revelación no xornal 'Sete', en 1988, pola obra *Taquicardia*.

A súa carreira de coreógrafo esténdese ao plano internacional, a partir de 1991, coa creación de obras para compañías de renome: Nederlands Dans Theater II, Nederlands Dans Theater III, Grand Théâtre de Genève, Centre Chorégraphique de Nevers e Ballet de Lorraine.

En 1994, Paulo Ribeiro foi galardoado co Premio Acarte/Maria Madalena de Azeredo Perdigao pola obra *Dançar Cabo Verde*, encargo de 'Lisboa 94 – Capital Europea da Cultura', realizada xunto con Clara Andermatt.

En 1995, funda a Compañía Paulo Ribeiro, subvencionada polo Ministerio de Cultura portugués, para a que crea, regularmente, traballos onde desenvolve a súa linguaxe persoal como coreógrafo. A obra *Rumor de Deuses* foi distinguida, en 1996, cos premios Circulación Nacional e Circulación Internacional no ámbito do concurso 'Mudanças 96' (Portugal). Acadou tamén os premios: Prix d'Auteur, New Coreography Award e o Prix d'Interpretation Collective no V Rencontres Chorégraphiques Internationales de Seine Saint-Denis (Francia).

Ademais do traballo coa súa compañía, Paulo Ribeiro desempeñou, entre 1998 e 2003, o cargo de director xeral e de programación do Teatro Viriato/CRAE (Centro Regional das Artes do Espectáculo das Beiras). Neste período obtivo o Premio Almada (1999) do Instituto Português das Artes do Espectáculo e o Premio Bordalo da Casa da Imprensa (2000). En 2005 recupera ese mesmo cargo, despois da desaparición do Ballet Gulbenkian que dirixiu entre 2003 e 2005, recibindo nese período o Premio Bordalo da Casa da Imprensa Portuguesa (2005) polo traballo desenvolvido con esta compañía. En 2008 participa, aínda como coreógrafo, na produción *Evil Machines* de Terry Jones para o Teatro Municipal de S. Luiz.



ELISABTH LAMBECK - intérprete

É licenciada polo Fontys Dance Academy de Holanda en 2000. Traballou en compañías como Conny Jansen Danst, The Silence, Small Neptunes Dance Company, e no musical *Romeo and Juliet*. En 2005 integrou o elenco do Dance Theatre Numborg en Alemaña onde traballou con varios coreógrafos como: Jorma Elo, Stain Celis, André Gingras, Rui Horta e Daniela Kurz. En 2007 trasládase a Portugal para traballar con Rui Horta na produción *Scope*.

ERIKA GUASTAMACCHIA - intérprete

Formouse na Rotterdam Dance Academy (Holanda), onde bailou coreografías de William Forsythe, Neel Verdoorn, Ton Simons e Jose Navas. En 2005 colaborou coa compañía Michele Pogliani (Italia) e en 2006 co Dansgroup Krisztina De Chatel (Holanda). En 2007 formou parte das producións '*Cry Love*' e '*Skin*' de Nanine Linning (Holanda).

LEONOR KEIL - intérprete

Estudou danza na Escola de Danza de Maputo (Mozambique) e máis tarde na Escola de Danza do Conservatorio Nacional de Lisboa. Como intérprete de danza destaca a súa colaboración con Joana Providência, Madalena Vitorino, Marta Lapa, José Wallenstein ou Claudio Hochman, entre outros. Dende 1995 traballa de xeito regular coa compañía Paulo Ribeiro. En 1996 recibe unha Mención de Honra nos V Encontros Chorégraphiques Internationales de Seine Saint Denis pola súa interpretación en *Rumor de Deuse nos*, e en 1999 foi galardoada co Premio Revelação – José Ribeiro da Fonte polo Instituto Portugués das Artes do Espectáculo. Dende 2003, é a responsable do desenvolvemento de proxectos de ámbito pedagóxico de Viseu.

MARGARIDA GONÇALVES - intérprete

Naceu en Porto, onde realizou estudos de teatro e interpretación na Academia Contemporánea do Espectáculo. Estudou tamén técnica clown na Ecole Philipe Gaulier de Londres.

Traballou con Joana Providencia, Alan Richardson, Peta Lilly, José Carretas, André Riot Sarcey, Kuniaki Ida, Marcos Barbosa, José Wallens-tein, António Capelo, António Fonseca, Joaquim Benite, Rogério de Carvalho, John Mowat, entre outros.

SAO CASTRO - intérprete

Naceu en 1976. Iniciou a súa formación en danza no BalletTeatro Escola Profissional de Porto. Concluíu a licenciatura na Escola Superior de Danza en 2002. Entre 2001 e 2004 forma parte da Compañía Portuguesa de Bailadao Contemporáneo e en 2004/05 foi bailarina do Ballet Gulbenkian. Traballou con Benvindo Fonseca na Compañía Lisboa Ballet Contemporáneo e formou parte do elenco do proxecto *Delicado* de Sofia Silva en 2007. Nese mesmo ano traballa coa compañía Rui Lopes Graça en *Arte da Fuga*. Creou traballos coreográficos para a compañía de Dança do Algarve e para a Escola de Dança do Conservatorio Nacional de Portugal.

NUNO REBELO - compositor musical

Licenciado en arquitectura, dende os anos 80 dedícase á música en varias formacións de pop-rock como o grupo Mler ife Dada que el mesmo fundou e dirixiu. Nos anos 90 distánciase do universo pop e inicia unha intensa colaboración con cineastas, directores e coreógrafos. Compón nesa década algunhas músicas institucionais: o himno da Expo 98, a música para o Pavilhao da Utopía na Expo 98 e para o espectáculo de luz e fogos artificiais que marcou a apertura de Porto 2001 Capital Europea da Cultura. Como improvisador, afirmouse internacionalmente como un dos máis talentosos guitarristas experimentais de Portugal. En 1993 comezou a aplicar á guitarra portuguesa as técnicas ata entón desenvolvidas na guitarra eléctrica. Isto deu orixe a diversos proxectos que continúa a desenvolver. Na actualidade traballa na 'música visual', importando para o campo musical experiencias adquiridas na área da performance, ben utilizando o vídeo como fonte sonora, ou a través de instalacións musicais de carácter máis escultórico. Nuno Rebelo desenvolve tamén o seu traballo como profesor en diversos *workshops* arredor da improvisación.

ANA LUENA - figurinos

Nada en Luanda en 1974, completou a súa formación na ACE en 1995, ano no que iniciou a súa actividade como escenógrafa, deseñadora de vestiario e posteriormente como directora de escena. En 2007 realiza o curso de dirección da Ópera da Fundação Calouste Gulbenkian. É cofundadora do Teatro Bruto, onde desempeña funcións de dirección artística. Colabora coa Casa da Música dende 2001, como asistente e creadora na área de vestiario e escenografía en varias óperas. Deseña vestiario para directores como: André Riot Sarcey, Antoine Gindt, António Fonseca, José Carretas, João Garcia Miguel, José Wallenstein, Ricardo Pais, Rogério de Carvalho. Dirixe tamén varias pezas, sendo a máis recente delas *Nenhures*, de Daniel Jonas, para o Teatro Bruto.

NUNO MEIRA - deseñador de iluminación

Naceu en 1967. Ten traballado con diversos creadores de teatro e danza como Ana Luísa Guimaraes, António Lago, Diogo Infante, João Cardoso, João Pedro Vaz, Manuel Sardinha, Marco Martins, Nuno Carinhas, Paulo Ribeiro e Ricardo Pais. Foi socio fundador do Teatro Só e do Cao Danado e Companhia. Tamén é colaborador habitual da compañía Paulo Ribeiro e da ASSÉDIO dende 2001, realizando o deseño de luz de case todos os seus espectáculos. En 2004 foi distinguido co Premio Revelação Ribeiro da Fonte.

